

FESTA DO VIÑO DO CONDADO

Comeza a Festa do Viño do Condado

ANXO BENTRÓN [SALVATERRA]

Hoxe, venres 23 de agosto, comeza una nova edición, a número 65, da Festa do Viño do Condado de Tea (Salvaterra do Miño). A inauguración oficial dos festexos será ás 20.00 horas no recinto amurallado. Serán tres días de festa, que chegan tras catro xornadas de catas comentadas.

Á marxe do viño, a música terá un papel protagonista durante as

tres xornadas festivas. Nesta primeira xornada actuarán a Banda de Gaitas Pontenova, a Charanga Nosokaos, Roi Casal, D'Crooners e Momboi. Mañán será o turno de Luar Na Lubre, De Vacas e Club Naval. Os festexos pecharanse coas actuacións de Lenha Verde, Black Lover's e Somoza Trío.

A música virá acompañada de comida, coa celebración en Salvaterra das Noites Gastronómicas que encherán as xornadas festivas

con viños e produtos da terra e do mar. O sábado ás 10.00 horas, A Casa do Viño, no recinto amurallado abrirá as súas portas para facer a cata á procura dos viños deliciosos do ano. A continuación, sobre as 12.00 horas abrirán os postos de comida e viño, que centrarán a atención durante a hora de xantar.



A Festa do Viño do Condado de Tea nunha edición anterior. // Turismo de Galicia



FILLABOA®

www.bodegasfillaboa.com

MASAVEU • BODEGAS

Branco

COMO NINGUNO



CONSUME CON RESPONSABILIDAD

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

ALBARIÑO

Rías Baixas

DENOMINACIÓN DE ORIGEN